



## REGISTRO ACTIVIDADE VOZ NATURA

**CURSO:** 5º de Primaria.

**NOME DA ACTIVIDADE:**

O Camiño de Santiago (variante Fisterra – Cee - Santiago de Compostela), única ruta con orixe en Santiago e con meta en Fisterra ou Muxía.

**DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:**

A actividade consiste na realización dunha guía de viaxe sobre os cinco pobos máis importantes desta famosa ruta. A ruta comeza en Santiago de Compostela, Negreira, Dumbría ou Cee, Fisterra ou Muxía, o peregrino é o que decide a ruta a escoller.

Cada aula fixo un dos pobos do Camiño, traballando estes puntos:

- a) **Historia do pobo.**
- b) **Lendas.**
- c) **Monumentos.**
- d) **Festas.**
- e) **Natureza - fauna e flora-.**
- f) **Personaxes nados nese lugar.**
- g) **Gastronomía.**

Ao mesmo tempo, estase a realizar unha actividade paralela nas clases de Educación Física, o alumnado asemellando aos peregrinos, realizan camiñatas pola kilometrada do patio do colexio, ataviados cunha capa, e o bordón de peregrino.

## **OBXECTIVOS:**

Respectando os obxectivos sinalados para este curso, 2020/21, imos traballar de forma transversal as diferentes áreas do curso. Podemos sinalar os seguintes obxectivos:

- 1º. Despertar o interese do alumnado por coñecer mellor a cultura da nosa terra.**
- 2º. Abrir unha fiestra as diferentes paisaxes que podemos atopar nestes cinco pobos.**
- 3º. Facer unha lembranza do noso pasado a través das diferentes lendas e monumentos recopilados polos rapaces a través do seu traballo de investigación.**
- 4º. Desenvolver unha actitude responsable e de respecto polos demais a través do traballo individual e de equipo.**
- 5º. Fomentar no noso alumnado unha actitude de autonomía, sentido crítico e iniciativa á hora de organizar o traballo cos seus compañeiros, para conseguir unha harmonía e unha satisfacción colectiva ao conseguir unha tarefa ben feita.**
- 6º. Iniciarse na utilización, para seu aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, rexeitando todo aquilo innecesario e aproveitando a información relevante (capacidade de síntese).**
- 7º. Valorar a cultura gastronómica da nosa terra e dos nosos produtos conservando as receitas dos nosos antepasados.**
- 8º. Dar a coñecer aos rapaces a riqueza e variedade da nosa extensa flora e a fauna.**
- 9º. Axudar ao alumnado na comprensión das distintas distancias, calculando os kilómetros que separan os distintos puntos do camiño, altura dos montes, lonxitude dos ríos, cantidades que compoñen as distintas receitas...**
- 10º. Fomentar a actividade física ao aire libre e coñecer os seus beneficios.**

## **MATERIAIS E RECURSOS QUE SE PRECISAN PARA LEVALA A CABO:**

Os alumnos e alumnas obteñen a información e as fotos individualmente de diferentes fontes: libros, prensa, internet ... e para poñela en común comunícanse a través de videoconferencia porque debido ao virus COVID 19 non se poden reunir persoalmente.

## **AVALIACIÓN E VALORACIÓN DA ACTIVIDADE:**

Estamos moi satisfeitos polos resultados obtidos así como o proceso a seguir para acadar os obxectivos, malia situación pandémica na que nos atopamos, que dificultou o traballo dos alumnos e alumnas.





